

PALABRA DE VIDA

Novembro 2024

«Esta viúva, en cambio, botou todo canto posuía, todo o que tiña para vivir» (Mc 12, 44).

Estamos na conclusión do capítulo 12 do Evanxeo de Marcos. Xesús está no templo de Xerusalén; observa e ensina. A través da súa mirada asistimos a unha escena chea de personaxes: xente que vai e vén, encargados do culto, notables de longas roupaxes, homes ricos que botan as súas magníficas ofrendas no tesouro do templo. Entón adiántase unha muller viúva; forma parte dunha categoría de persoas necesitadas social e economicamente. Ante a indiferencia xeral, bota no tesouro dúas moediñas. Pero Xesús si repara nela, chama aos seus discípulos e ensínalles:

«Esta viúva, en cambio, botou todo canto posuía, todo o que tiña para vivir».

«Dígovos de verdade...» son as palabras que introducen os ensinamentos importantes. A mirada de Xesús, concentrada na pobre muller viúva, convídanos a mirar na mesma dirección: ela é o modelo de discípulo. A súa fe no amor de Deus é incondicional; o seu tesouro é Deus mesmo. E ao entregarse totalmente a El, desexa ademais dar todo o que pode para quen é máis pobre.

En certa maneira, este abandonarse con confianza no Pai é un anticipo do don de sí mesmo que Xesús pronto cumprirá coa súa paixón e morte. É esa «pobreza de espírito» e «pureza de corazón» que Xesús proclamou e viviu. Significa «poñer a nosa confianza non nas riquezas, senón no amor de Deus e na súa providencia. [...] Somos “pobres de espírito” cando nos deixamos guiar polo amor aos demais. Entón compartimos e poñemos a disposición de todos os necesitados o que temos: un sorriso, o noso tempo, os nosos bens, as nosas capacidades. Cando xa demos todo por amor, somos pobres, é dicir, estamos baleiros, somos nada, libres, temos o corazón puro»¹.

A proposta de Xesús dá un envorco á nosa mentalidade; no centro dos seus pensamentos está o pequeno, o pobre, o último.

«Esta viúva, en cambio, botou todo canto posuía, todo o que tiña para vivir».

Esta Palavra de vida convídanos ante todo a renovar a nosa plena confianza no amor de Deus e a deixarnos interpelar pola súa mirada para ver máis aló das aparencias, sen xulgar nin depender do xuízo dos demais; a valorar a parte positiva de cada persoa.

Suxírenos o darnos totalmente como lóxica evanxélica que edifica unha comunidade pacificada, porque nos empuxa a coidar os uns dos outros. Aléntanos a vivir o Evanxeo no día a día, sen alardear; a dar con abundancia e confianza; a vivir con sobriedade, compartindo. Reclámanos prestar atención aos últimos, para aprender deles.

Venant, nado e crecido en Burundi, conta: «No meu pobo, a miña familia podía presumir dunha boa terra e dunha boa colleita. Sabendo que todo é providencia do ceo, a miña nai recollía as primicias e repartíaaas puntualmente entre os veciños, empezando polas familias

¹ C. Lubich, «Palabra de vida», novembro de 2003, en *Ciudad Nueva* n. 403 (11/2003), 22-23

máis necesitadas, e a nós destinábanos só unha parte do que quedaba. Deste exemplo aprendín o valor de dar sen interese. Así entendín que Deus pedíame darlle a El a mellor parte, darlle incluso toda a miña vida.

Letizia Magri e o equipo da Palabra de Vida